



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A xestión das subvencións públicas en Galicia

CONVOCATORIA: Convocatoria 2º semestre Instituto de Economía Pública de Galicia (IEP)

GRUPO: Economía Pública (Formación Contínua)

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	40
-----------------------	----------------	--------------	---------------	---------------	----

ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2023
------------------------	----------	----------------	-----------	-------------	------

MOD.IMPARTICIÓN:	ELEFORMACIÓN + TELEPRESENZ	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1
-------------------------	----------------------------	-------------------	-------	------------------	---

DATA MATRÍCULA: Do 29/08/2023 - 09:00h ao 07/09/2023 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O conxunto de subvencións que compón a acción de fomento da Administración autonómica representa unha porcentaxe destacada do gasto público total da Xunta de Galicia, e tamén un marco de actuación xeral suxeito a unhas regras e procedementos determinados, contemplados na Lei de subvencións de Galicia e no Regulamento que a desenvolve.

A través desta actividade formativa preténdese aportar unha serie de aspectos de cara ao proceso de tramitación da elaboración dunha convocatoria pública, así como o desenvolvemento de todos os momentos posteriores.

É especialmente importante coñecer, tanto os requisitos e dereitos dos beneficiarios dunha subvención como, incluso en maior medida, as obrigas e responsabilidades, tanto do propio beneficiario como do órgano que concede a subvención, nas distintas administracións que actúan no ámbito territorial da nosa comunidade autónoma.

DESTINATARIOS

Empregados/as públicos/as da Administración autonómica e local e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

Está exceptuado o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; o persoal das escalas dos corpos da Policía de Galicia, Policía local e bombeiros e o persoal do Servizo Galego de Saúde. Non se entende por tal o persoal empregado público da escala de saúde pública e Administración sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

Módulo I. Marco normativo e procedementos de concesión.

Módulo II. Procedemento da xestión económica e orzamentaria.

Módulo III. Reintegros. Infraccións e sancións.

Módulo IV. As subvencións nas entidades locais de Galicia. Especialidades.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP.

3. DATOS EDICIÓNS

MIXTO

LOCALIDADE: Teleformación + Telepresenza

INICIO / FIN: 21/09/2023 a 20/10/2023

NUM. PRAZAS: 40

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 25/10/2023 ás 18:00h

DOCENTES NOMEADOS

JOSE MANUEL GONZALEZ GOMEZ

MARIA PARDO QUINTANA

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sala telepresenza: O día 25 de setembro de 17:00 a 19:30. Os días 02 e 09 de outubro de 17:00 a 19:30.
<https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: O día 28 de setembro de 17:00 a 19:30. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Exame en liña